

Acta de reunión

Órgano convocado	DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E A COMUNIDADE						
Lugar de reunión	Departamento de Servizos Socioculturais e a Comunidade			Ordinaria	<input type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	1	Data	28/12/18	Hora inicio	11h00	Hora remate	12h00
Moderador/a	Eduardo Quintela Casal						
Secretario/a							
Propósito	Reclamación nota módulo de Proxecto Educación Infantil						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Luisa Fernanda Arís García ▪ Miguel Ángel Rodríguez Fernández ▪ Irene Sanchez Arines ▪ Eduardo Quintela Casal ▪ Mamen Teijido López ▪ Mónica Touriño Ferreiros 						

Temas tratados

- Resolución da reclamación da alumna Begoña Bugallo Fernández sobre a nota do módulo de Proxecto do Ciclo Superior de Educación Infantil.**

Resólvese ratificar a nota posta polo equipo avaliador.

Acordos

- Non ha lugar.

Anexos

- Informe do Departamento



Visto e prace moderador/a

O/A secretario/a

INFORME DE RECLAMACIÓN DO DEPARTAMENTO

Á ATENCIÓN DO DIRECTOR/A DO CIFP A XUNQUEIRA

Reunido o Departamento de SERVICIOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE co obxecto de analizar e valorar, conforme determina o art. 45.2.b de la Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación é a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional, a reclamación presentada cos seguintes datos:

ALUMNO/A: María Begoña Bugallo Fernández		DNI: 35308716J	
Pai/Nai/Titor-a (no caso de ser o alumno/a menor de idade):			
Ciclo <input type="checkbox"/> Medio	<input checked="" type="checkbox"/> Superior	<input type="checkbox"/> Básica	Denominación: Ciclo Superior de Educación Infantil
MÓDULO: Proxecto de Atención a Infancia			
Profesor/a que imparte o módulo: Miguel Ángel Rodríguez Fernández			
Nota do módulo: 3	DATA entrega da Cualificación: 21/12/2018	DATA da reclamación: 27/12/2018	DATA recepción polo Dpto: 28/12/2018

Faise constar o seguinte:

A reclamación fundaméntase en¹

- A avaliación que se levou a cabo como resultado do proceso de aprendizaxe do alumnado non foi adecuada aos resultados de aprendizaxe, os obxectivos específicos, os contidos, os criterios de avaliación e o nivel recollidos na correspondente programación.
- Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación.
- A aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación para a superación do módulo profesional non foi correcta.

Revisado o caso á vista do previsto na programación docente, no apartado 6.1, correspondente a² "Cualificación e criterios de avaliación"

O proxecto presentado incumple gran parte dos Criterios de Avaliación que compoñen os Resultados de Aprendizaxe 3, 4 e 5. Concrétanse a continuación os Criterios de Avaliación non acadados e que se recollen na programación:

- CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.
- CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.
- CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.
- CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.
- CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.
- CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.
- CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou das intervencións.
- CA4.2. Defíníronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
- CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.

¹ Transcribir a causa o causas aducidas na reclamación e os motivos que a xustifican a juicio do reclamante.

² Precisar o/os apartado/s da programación que determinan o análisis da reclamación.

- CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.
- CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.
- CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.
- CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.
- CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.
- CA5.4. Describíronse as actividades en que se divida a execución do proxecto.
- CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.
- CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
- CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.
- CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.
- CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.

Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados nesta avaliación foron os adecuados conforme o sinalado na programación no apartado “6.1. Cualificación e criterios de avaliación” e que se reseñan a continuación:

A cualificación do alumnado virá determinada por:

- Traballo individual realizado por cada alumno/a.
- As achegas individuais e a actitude mostrada polo alumnado en canto a participación, esforzo, interese e colaboración co profesorado e cos compañeiros e compañeiras.
- O proxecto de intervención realizado.
- A exposición e defensa do proxecto de intervención.

A aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación para a superación do módulo profesional foi correcta, como se recolle no apartado 6.1. Cualificación e criterios de avaliación” referido anteriormente.

Xúntase como Anexo 1 o “Documento de especificacións técnicas do módulo de Proxecto de atención a Infancia”.

Xúntase como Anexo 2 documento de “Rúbricas de avaliación do proxecto”.

Xúntase como Anexo 3 documento “INFORME CUALITATIVO do equipo avaliador sobre a avaliación do proxecto de María Begoña Bugallo Fernández”.

Por outra parte, o Departamento desexa facer constar que Miguel Ángel Rodríguez Fernández presenta todos os documentos de avaliación relacionados con este caso e aporta as evidencias que tomadas en consideración na revisión do caso, xustifican a cualificación obtida pola alumna.

En consecuencia o Departamento, informa, por UNANIMIDADE das asistentes DESFAVORABLEMENTE a reclamación presentada, RATIFICANDO a cualificación en cuestión.

En Pontevedra, a 28 de decembro de 2018

O Xefe/a do Departamento

Asdo.: Eduardo Quintela Casal

ASISTENTES

NOME E APELIDOS:	SINATURA:
Luisa Fernanda Arís García	
Miguel Ángel Rodríguez Fernández	
Irene Sanchez Arines	
Eduardo Quintela Casal	
Mamen Tejjido López	
Mónica Touriño Ferreiros	

Prazo: O proceso de reclamación estará rematado nun prazo máximo de cinco días naturais, incluída a comunicación ao alumnado, contados a partir do seguinte ao da presentación da reclamación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PROXECTO

PROXECTO: El "A abella Maia" en Pontevedra

NOTA PROXECTO EDUCATIVO: 1,75

AUTORAS/ES: María Begoña Bugallo Fernández

NOTA PRIMEROS AUXILIOS: 0,1

NOTA EMPRESA: 1,5

NOTA GLOBAL: 3,35 (3)

Puntuación		SI	Si/Non	NON	Observacións
máx. 0,5	1. Presentación			X	0,15 (a estrutura non é clara, non fai o que se lle pide)
	0,1	1.1. Conta cun índice		X	
	0,1	1.2. Conta cunha estrutura clara		X	
	0,15	1.3. Introducen o traballo		X	
	0,15	1.4. Presentan anexos e/ou materiais didácticos		X	
máx. 1,5	2. Fundamentación xustificación			X	0,75 (non quedan claros os destinatarios nin precisan características evolutivas dos mesmos, tampouco xustifican a necesidade de implementar o proxecto)
	0,3	2.1. Contextualizan no contorno		X	
	0,3	2.2. Fundamentan teoricamente		X	
	0,3	2.3. Argumentan necesidade de implementar o proxecto		X	
	0,3	2.4. Remarcan aspectos do desenvolvemento evolutivo identificando as características dos destinatarios.		X	
máx. 1,5	3. Obxectivos e contidos (estes últimos se son necesarios)			X	0,2 (non hai coherencia interna entre os diferentes niveis de obxectivos –hai máis obxectivos xerais que específicos-, non hai obxectivos de actividades porque non hai actividades)
	0,25	3.1. Ben formulados tecnicamente		X	
	0,25	3.2. Concretan obxectivos xerais a específicos		X	
	0,5	3.3. Coherentes		X	
	0,5	3.4. Adaptados aos destinatarios		X	
máx. 1	5. Actividades			X	0 (só nomea as actividades pero non as desenvolve)
	0,25	5.1. Contribúen ao logro dos obxectivos e ao desenvolvemento dos contidos.		X	
	0,25	5.2. Son motivadoras, variadas, graduadas en dificultade e accesibles á maioría do alumnado.		X	
	0,25	5.3. Preséntanse estruturadas (inicio, desenvolvemento,...).		X	
máx. 1,25	6. Metodoloxía			X	0,5 (contan cun cronograma, de feito con un para cada grupo de idade, pero só tiña que seleccionar un. Ademais fala de cronograma "para a primeira actividade do proxecto" co cal evidencia que non ten clara a estrutura do traballo)
	0,25	6.1. Fan referencia principios, orientacións metodolóxicas, metodoloxías específicas, etc.		X	
	0,2	6.3. Falan de estratexias de ensinanza		X	
	0,2	6.4. Contemplan diversidade de recursos: materiais, temporais, espazos,...		X	
	0,2	6.5. Contan cun cronograma clarificador		X	
	0,2	6.6. Presentan a calendarización do proxecto		X	
máx. 0,75	8. Avaliación			X	0,15 (non profundiza e ademais volve confundir criterios de avaliación con obxectivos)
	0,25	8.1. Sinalan distintos elementos presentes na avaliación		X	
	0,25	8.2. Os criterios de avaliación son coherentes con obxectivos e actividades		X	
	0,25	8.3. Sinalan procedementos, técnicas e instrumentos de avaliación.		X	
máx. 1,5	9. Exposición			X	0 (non expón o traballo. Pasa os 20 minutos falando de autoras e autores, pásase do tempo)
	0,25	Empregan linguaxe técnica		X	
	0,5	Executan un discurso claro e fluído		X	
	0,25	Seleccionan información significativa		X	
	0,5	Aclaran correctamente as dúbidas suscitadas		X	

INFORME CUALITATIVO DO EQUIPO AVALIADOR SOBRE A AVALIACIÓN DO PROXECTO DE MARÍA BEGOÑA BUGALLO FERNÁNDEZ

1. Traballo individual realizado pola alumna.

2. As achegas individuais e a actitude mostrada pola alumna en canto a participación, esforzo, interese e colaboración co profesorado e cos compañeiros e compañeiras.

- Non seguiu a calendarización recomendada. De feito formaba parte do grupo con outras dúas persoas que, logo de avisala, faláronme porque non cumpría co traballo. Pídiu facelo soa e, excepcionalmente, permitiuse baixo aviso de que ía mal de tempo e que se ía ter que esforzar moito. Ela aducía que non tiña tempo, que facía as prácticas pola mañá e que toda a tarde facía prácticas na autoescola da súa propiedade.
- Nas titorías fixo preguntas do tipo “Non sei a que te refires con unidade didáctica?” e non sabía formular os obxectivos, non o facía en infinitivo, senón que empregaba o formato “Que os nenos sexan capaces de...”. Os envíos que fixo para ver que tal ía eran nefastos e avisóuselle disto, e fixo caso omiso.

3. O proxecto de intervención realizado.

- No Plan de Empresa ten a nota máxima (1,5).
- No Plan de Primeiros Auxilios ten 0,1 sobre 0,5 (non presenta o protocolo de SVB; nin protocolo de obstrución de vías aéreas en adultos; só fai unha breve reseña do botiquín e do protocolo en vías aéreas das crianzas)
- O traballo en si non cumpre coa estrutura que se solicita. Tiña que partir da escola que creaba no Plan de Empresa e desenvolver un proxecto para todo o curso escolar. Debería indicar o conxunto de unidades didácticas que o compoñen cunha breve descrición de cada unha, sen actividade. Logo seleccionar unha desas unidades e desenvolvela detallando tódalas actividades que a compoñen para un único grupo de idade, nalgún lugar fábase de 1 a 2 anos pero non queda claro. A alumna alude a obxectivos da unidade e nomea as actividades pero non as desenvolve. A parte central do proxecto correspondía ao desenvolvemento pormenorizado dunha unidade didáctica, cousa que non fai.
- Non hai coherencia entre os distintos niveis de obxectivos. Non queda claro que pretende no proxecto xa que nalgúns lugares fala da creatividade, noutro das cancións, da fantasía e dos procesos mentais. Os obxectivos do proxecto están copiados do Decreto 330/2009 cando se o mais axeitado sería que foran os obxectivos orixinais vinculados o seu proxecto (nomea o Decreto no texto pero non o cita na bibliografía).
- Os obxectivos xerais teñen maior número que os específicos.
- Non hai creatividade nin orixinalidade (“as catro estacións”).
- Os criterios de avaliación están formulados en infinitivo.
- Comete erros básicos como que na portada pon curso 2017/2018, este é o curso 2018/2019. As páxinas que indica no índice para cada un dos apartados do traballo non se corresponden coa páxina que realmente é no corpo do texto. Non indica no índice os subapartados que logo si aparecen no texto.
- Hai erros na linguaxe como traducir os topónimos, non empregar o plural maiestático como fórmula de cortesía (primeira persoa de plural) ou non facer uso en ningún momento da linguaxe inclusiva.
- Na contextualización reúne unha serie de datos pero non xustifica porque eses datos demandan a necesidade do proxecto que presenta (algo que era un requisito de partida).

- Non hai análise das características evolutivas específicas do grupo de idade ao que dirixe a unidade que selecciona, porque tampouco queda claro en todo o proxecto a que grupo o dirixe. O proxecto global iría de 0 a 3 e logo debería seleccionar un grupo concreto e non o fai. De feito nos anexos inclúe calendarios para os tres grupos de idade segundo di “da actividade número 1 desenvolvida no proxecto” (iso ao que se refire como actividade é unha unidade, co cal non queda claro que diferencie unha cousa da outra).
- Algúns parágrafos do subapartado 3.3 (“Aspectos demográficos”) están copiados literalmente do Informe do Mercado de Traballo dos Xóvenes do Observatorio das Ocupacións. Non se entrecomillan nin se recolle a referencia na bibliografía nin na webgrafía.
- O mesmo sucede con algunhas das aportacións na xustificación que se recollen de distintas webs como por exemplo psicologiasevilla.org (no caso de Daniel Stern) ou bebesymas.com (no caso de John Bowlby) sen que se recollan na webgrafía.
- Tamén cos “Destinatarios” onde copia da wikipedia sen citala tampouco na webgrafía. Nese mesmo apartado ten un gráfico do que non se cita a fonte e di que “a enorme oferta de escolas privadas é unha baza que xoga ao seu favor”, o cal constitúe unha incongruencia.
- Tampouco está exenta a metodoloxía onde copia parágrafos da web oposinet.com (en concreto do tema 12 Principios de intervención educativa en Educación Infantil) sen entrecomillar nin citar na bibliografía nin na webgrafía.

4. A exposición e defensa do proxecto de intervención.

- A exposición estaba valorada sobre 1,5 puntos. Outorgóuselle un 0. O pen-drive que traía non funcionou. Estaba sobre aviso de que tivera a presentación no correo, non a tiña. Outra docente foi á aula de distancia e, dende o seu correo, envioulle co pen-drive a presentación ao correo da alumna. Logo non era quen de abrir o seu propio correo. Coa axuda desta docente abriuno. Centrouse o 95% do tempo en falar de autoras e autores e as súas teorías nomeándoos mal. Cando ían 20 minutos avisámoslle de que fora rematando, repetimos aos 22 minutos e aos 23, aos 25 cortámoslle.
- A exposición desenvolveuse con ausencia de vocabulario técnico e linguaxe inclusiva e con erros graves teóricos e lexislativos.
- A maiores non foi quen de responder as preguntas formuladas polos membros do equipo avaliador, tratando de clarificar aspectos inconexos tanto do documento como da exposición.
- Non centra a metodoloxía dicindo que se vai guiar por Froebel, Dewey, Montessori, Decroly, Rosa e Carolina Aggazi, Kilpatrick, Piaget, Erikson, Freinet, Vigotsky, Bronfenbrenner, Goldschmied, Malaguzzi, Gardner, Winnicott, Bruner, Aucouturier, Spitz, Bowlby, Stern, Ausubel e Emmi Pikler de que de feito fala na presentación coma si fose un home, cando é unha muller. Simplemente recolle as súas teorías (en varios casos copiadas de páxinas web) pero non as relaciona co seu proxecto. De feito recólleas na xustificación do traballo e non na metodoloxía en si.
- Inclúe táboas e gráficos e non fai un índice onde os referencie.